

# XV CAMPIONATO GALEGO DE LONGA DISTANCIA EN PISCINA

Piscina: CD Álvaro Pino, 25 metros, 6 pistas

Ponteareas, sábado 15 de decembro de 2018

## Instrucións Técnicas

### 1.- Horarios das probas

Hora de comezo:	Sábado 15
Sesión de mañá	11:00 h
Sesión de tarde	17:00 h

### 2.- Quecementos

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 10 minutos antes.

### 3.- Acreditación de delegado

Deberá facerse entrega da acreditación de delegado(a) de clube no impreso oficial na Mesa da Secretaría de Competición cumprimentado na súa totalidade.

Tal e como se recolle na circular 18-04, tanto o adestrador como o delegado acreditado do clube deberá estar en posesión da súa correspondente licenzia federativa para a presente tempada.

### 4.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas por escrito como mínimo, media hora antes do inicio de cada sesión polo Delegado do Clube no impreso oficial facilitado pola Organización do Campionato cuberto na súa totalidade.

A ausencia da comunicación regulamentaria da baixa dun nadador suporá a súa baixa automática en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de remudas).

A presentación da baixa efectuarase na Secretaría da Competición.

### 5.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

### 6.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

## 7.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 10 minutos antes do inicio da súa proba.

## 8.- Desenvolvemento da competición

A saída efectuarase para todos/as o nadadores/as, dende a auga, manténdose agarrados cunha man no bordo da piscina e cos pes apoiados na parede.

Durante toda a proba, cando se nade con dous nadadores por pista, cada nadador deberá manterse sempre no seu lado da pista.

Para marcar a distancia que lles falta por nadar ós participantes, entregaráselle a cada clube uns carteis con un 1, un 2 e 500. Serán os propios adestradores ou axudantes quen sinalen ós nadadores dende o lateral da piscina. Os derradeiros 50 metros sinalaranse con sinal acústica de campá.

## 9.- Entrega de medallas

A entrega de medallas terá lugar ó remate da competición. Os nadadores premiados serán chamados por megafonía para acudir ó lugar establecido para a premiación.

## 10.- Entrega de resultados

Ó termo da competición, a FEGAN pendurará na súa páxina web os resultados da mesma.